

Presentación do libro de Ánxela Gracián:

As voces da auga

Vello Cárcere de Lugo, 27 de marzo de 2019

Boa tarde a todas e a todos!

É obrigado comezar a miña intervención neste acto agradecéndolle a Ánxela Gracián, autora do libro e amiga, e a Belén López Vázquez, editora de Baía, a miña escolla para a presentación da novela que temos entre mans, habendo xente máis preparada para facer unha análise de carácter literario do texto. A miña elección, aínda que a presentación sexa como docente, non é derivada de que nas miñas aulas no IES Pedregal de Irimia se traballe a literatura galega do século XX, porque ao contrario, os protagonistas son os electróns, as tecnoloxías da información e da comunicación ou as forzas. Sen falalo nunca con ela, supoño que o convite a presentar o seu libro é por isto último, unha forza, pero non unha forza física e real medible en newtons, senón unha máis grande que nos uniu dende hai moi pouco tempo ao ventre desa matria común que forman os nosos concellos natais e que permanecen unidos polo limpo discorrer e as acompañadas **vozes da auga** do río Chamoso.

Pese a estar unido a Ánxela por ese cordón umbilical fluvial, o Chamoso que bautizou a un dos once condados nos que se dividiu o convento xurídico lucense no período suevo, o Comitatus Flammosus, o destino fixo que non nos coñeceramos ata hai pouco menos de dous anos. Foi a través dun dos seus libros: "Paisaxes de pan" (Edicións Bourel, Ribeira, 2013), precisamente cando

eu estaba levando a cabo un proxecto interdisciplinar coas miñas alumnas e alumnos cervantegos arredor do pan nos Ancares. Un título, máis que suxestivo, para un libro que tardaría en ler por estar esgotado nas librarías, xa que o magnífico traballo de elaboración artesanal de Bourel tivo unha edición limitada.

A través das redes sociais puxémonos en contacto e Ánxela facilitoume a oportunidade de saborear ese “pan de centeo acabado de cocer” do que será, en breve, unha segunda edición, corrixida e aumentada. A lectura dese íntimo poemario, homenaxe ao vilar de nove casas de granito chamado Gracián e pertencente á parroquia de San Paio de Arcos de Castroverde, a matria de Ánxela, foi capaz de transportarme ás vivencias máis primarias da miña infancia no meu vilar de nove casas chamado Guimarás do Corgo, grazas ao delicioso recendo a pan fresco que sae do libro.

Ánxela Gracián é experta en varias linguas e traballa para a Xunta como tradutora do Diario Oficial de Galiza pero é coñecida pola súa faceta de tradutora de textos literarios, así como escritora e crítica literaria. A súa dedicación á literatura infantil e xuvenil, encetada no 1998 co libro “Cos petos cheos de cinza” (Everest), non lle privou de publicar un libro de poemas tan íntimo como o de “Paisaxes de pan”, no que compilou traballos escritos dende o 2008 e inspirados pola obra plástica do fotógrafo chairego e profesor no CPI de Castroverde, Daniel Díaz Trigo.

De Ánxela podemos dicir que é unha das autoras máis prolíferas da chamada Xeración dos 90. De feito, o xoves que vén hai xusto un ano que presentabamos neste mesmo lugar o libro “Doce cartas a María Victoria

Moreno". Libro lizgairo, para todos os públicos que foi exemplar de indiscutíbel valía para traballar a autora homenaxeada no 2018 tanto na educación primaria como na secundaria. Fermoso grazas ás coidadas ilustracións de Antonio Seijas pero fermoso tamén polo cariño e delicadeza coa que Ánxela, a través dun amigo común con Victoria chamado Garimoso, relatou a vida da homenaxeada. Un libro de lectura doada e entretida que ademais de achegarnos á biografía dunha autora solidaria, comprometida e intelixente, introduciunos de cheo en toda a súa obra ata o punto de chegar a coñecela sen lela con antelación.

Mais hoxe, o libro que temos entre mans, trae o recendo lonxano a arroz glutinoso cultivado na ribeira doutro gran río, o asiático Li ou Lijiang, que dará nome á protagonista do libro e que poñerá a música de fondo a un relato fondamente reivindicativo. Ese recendo a terra húmida dos arrozais transmitíranos por momentos a calma dunha vida rural harmónica co medio do mesmo xeito que, por momentos, o rápido rumor dun río Li fóra de control nos transportará ata as inxustizas sociais e de xénero da China de finais do século XX.

O libro conta coas ilustracións de Aynara Pereiro, que nos achega un mundo tan interesante como distante á nosa cultura, polo menos a primeira vista. A novela está ambientada na China "comunista" de Deng Xiaoping, o máximo mandatario do xigante asiático que durante case dúas décadas emprendeu as profundas reformas de liberalización da economía socialista e impuxo unha férrea política de control de natalidade, a "política do fillo único". Unha política curtopracista que se ben, evitando o nacemento de 400 millóns de persoas en China, permitiu concentrar máis recursos na poboación e aumentar

substancialmente a porcentaxe de poboación activa, tivo un terríbel custe social e económico.

As voces da auga é polo tanto un libro feminista, crítico co control de natalidade de Deng Xiaoping que abocou ao sacrificio de arredor de 15 millóns de nenas agardando polo desexado primoxénito ou a un nacemento e unha vida anónimas sendo estranxeiras, ou simplemente inexistentes, no seu propio país, e polo tanto caldo de cultivo para a trata, un negocio moi rendíbel economicamente para xente sen escrúpulos que conta coa complicidade dunha sociedade que mira para outro lado.

Un control da natalidade que a maiores de favorecer os abortos selectivos e o infanticidio feminino trouxo consigo un grande desequilibrio entre homes e mulleres así como un grave problema de relevo xeracional. En pouco tempo China contará cunha poboación envellecida e unha escasa masa de poboación activa que terá problemas para soster e coidar dos seus maiores, pero esa é outra discusión e outro debate que aquí non competen.

Un mundo complexo que Ánxela coñeceu durante unha viaxe realizada no 2006 e que foi madurando internamente ata parir esta fermosa novela para rapaces adolescentes que perigosamente volven a reproducir actitudes machistas e de control, coa axuda das novas tecnoloxías, nunhas relacións de parella que son propias do século pasado e nun contexto de forte involución social e política.

Unha viaxe ao xigante de oriente no que Ánxela puido tender pontes entre dúas civilizacións tan distintas e tan iguais en tantas cousas. Imaxino que a

influencia da auga e dos ríos na infancia de Ánxela a levou a establecer paralelismos entre o caudaloso río Li que nace nas montañas de Mao'er e discorre por máis de catrocentos quilómetros para cederlle as súas augas ao Río das Perlas, o terceiro máis longo da China, e o seu río Chamoso, que nacendo preto do Vitureiro, nas montañas de Montecubeiro en Castroverde, desemboca finalmente no pai dos ríos galegos despois de percorrer apenas 30 quilómetros, ou 60 li, como diría o sabio Wei Su.

Imaxino a Ánxela, bolígrafo e caderno en man, mirando para as palafitas de bambú cubertas con canas e palla entrelazada e construídas nas marxes dos ríos a pensar nos mazos e muíños do seu Chamoso que cunha estrutura pétreo de granito e lousa permitían aos galegos vivir en comunión entre dous medios físicos, terra e auga, tan distintos como complementarios para a nosa economía rural.

Sen vela, podo pechar os ollos e visualizar unha Ánxela aventureira, cámara en man, para fixar as caras, os momentos e as vidas dos agricultores chineses que con paciencia, suor e entrega cultivan as bastas extensións dos arrozais chineses. Estou seguro que en moitos deses ollos rasgados viu a mirada limpa dos nosos labregos e labregas, rodo en man, para limpar a complexa rede de canles que regan os vizosos prados de ribeira, iso si, moito máis pequenos e costentos que os enormes campos de arroz zhuang.

Un río Li que vertendo as súas augas no río das Perlas que baña Hong Kong segue arrastrando a miles de perlas, mozas virxes e mulleres adultas, a mercadear co seu corpo froito da miseria social e das baixezas da sociedade patriarcal existente. Tampouco estamos libres neste paralelismo cando vemos

como preto da desembocadura do Chamoso se sigue comercializando co corpo de mulleres, neste caso estranxeiras, para liberar as frustracións de homes sen escrúpulos nin ética.

Como dixemos, un libro reivindicativo, de lectura áxil e cun desenlace totalmente sorprendente e optimista que evidentemente non vou desvelar aquí. Unha obra gañadora do VIII premio Meiga Moira de Baía, 2018, que premia a creación literaria infantil e xuvenil, ex aequo con Pere Tobaruela pola obra “Auga e lume”, que eu recomendaría ao público adulto. Un libro dunha calidade lingüística sumamente coidada, algo ao que nos ten acostumados Ánxela nas múltiples publicacións realizadas.

Nas “Voces da auga” poderemos atopar dende a China imperial, representada a través da avoa de Wei Su, Yushué, moi condicionada polas tradicións do antigo réxime, ata a China de Mao Tse Tung e Deng Xiaoping loitando por tratar de compatibilizar a teoría política de Marx co día a día dun réxime ao que me custa chamar “comunista”.

Atopamos a loita de clases e a corrupción, insólito nun país que verdadeiramente se quere chamar comunista, na relación entre o capataz Thep e o resto de traballadores dos arrozais. De feito, a figura de Thep podería aparecer en calquera outra novela peninsular como membro da Falange Española e non nos sorprenderíamos para nada.

E por suposto o libro relata o sufrimento das mulleres que non chegaron a nacer, das que naceron pero que nunca existiron aos ollos da sociedade, das que morreron durante un aborto realizado en condicións infrahumanas, das

que se viron abocadas a un matrimonio non elixido, das raptadas, das violadas, das que foron tratadas como un simple obxecto. Un relato tristemente veraz que contrasta coa inocencia dunha protagonista de alma limpa e pura, Li.

Visto pois o extraordinario resultado, non me queda outra que parabenizar a Ánxela polo seu enorme traballo de investigación. Un esforzo que hoxe podemos saborear nesta sinxela e elegante edición de Baía e que agardo sirva para concienciar aos adolescentes das distintas problemáticas comentadas, así como para visualizar que dúas culturas tan diferentes como a chinesa e a galega poden ter máis elementos en común do que nun primeiro momento nos puidéramos imaxinar. A min pasoume! Grazas Ánxela e bo proveito a todas as lectoras e lectores!